

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL

Orde do 29 de marzo de 2005 pola que se prorroga o mandato dos órganos de goberno dos consellos reguladores das denominacións de calidade do ámbito agroalimentario.

A disposición transitoria cuarta da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, sinala que os consellos reguladores existentes no momento da súa entrada en vigor, deben adaptar os seus regulamentos ao que dispón a lei nun prazo de dous anos.

Unha das características principais da nova configuración dos consellos reguladores é a súa conversión en corporación de dereito público con personalidade xurídica de seu, aos cales se lles encomenda, entre outras funcións, a organización dos procesos de elección dos seus órganos de goberno.

Actualmente a Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural está ultimando os proxectos de decreto de desenvolvemento da devandita lei, como paso previo á adaptación dos regulamentos das denominacións de calidade ás novas circunstancias, co obxectivo de que todas estas modificacións estean rematadas antes do prazo de dous anos mencionado. Isto pode supoñer que durante o período de adaptación se produza a finalización do mandato dos órganos de goberno dalgúns consellos reguladores.

Faise necesario, pois, que nestes supostos se prorrogue o seu mandato, para dar continuidade á representación legal dos órganos de goberno dos consellos reguladores do ámbito agroalimentario.

Polo tanto, de acordo coas consideracións expostas e co disposto no artigo 30.I.3 e 4 do Estatuto de autonomía de Galicia, e en uso das competencias que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Ámbito de aplicación.

Esta orde é de aplicación aos consellos reguladores das distintas denominacións xeográficas de calidade (denominacións de orixe, indicacións xeográficas protexidas e denominacións xeográficas de bebidas espirituosas) do ámbito agroalimentario, así como ao da agricultura ecolóxica de Galicia.

Artigo 2º.-Prórroga dos mandatos.

Prorrógase a vixencia dos órganos de goberno dos consellos reguladores que finalicen o seu mandato durante o período de adaptación dos seus regulamentos que establece a disposición transitoria cuarta da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e

defensa da calidade alimentaria galega. Esta prórroga estenderase ata o momento en que se produza a toma de posesión dos novos órganos de goberno elixidos mediante a convocatoria electoral correspondente.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2005.

José Antonio Santiso Miramontes
Conselleiro de Política Agroalimentaria
e Desenvolvemento Rural

CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Orde do 28 de marzo de 2005 pola que se crean ficheiros automatizados de datos de carácter persoal existentes nesta consellería.

O artigo 20 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE nº 298, do 14 de decembro), especifica que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das administracións públicas só poderán facerse mediante a disposición xeral correspondente.

Na súa virtude, a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo

DISPÓN:

Primeiro.-Mediante a presente orde créase o ficheiro especificado no anexo, que contén a información exixida no artigo 20.2º da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal para as disposicións de creación dos ficheiros.

Segundo.-O titular do órgano responsable destes ficheiros adoptará as medidas de xestión e organización que sexan necesarias, asegurando a confidencialidade, os dereitos e as obrigas recoñecidos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

Terceiro.-Os datos de carácter persoal, rexistrados nos ficheiros da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, aos que se refire o anexo só serán utilizados para os fins expresamente previstos e por persoal debidamente autorizado.

Cuarto.-Os datos só poderán ser cedidos nos supostos expresamente previstos pola lei.

Disposición adicional

No caso de cesións dos datos aos servizos de estatística das administracións públicas haberá que ater-

se, ademais, ao disposto na normativa vixente en materia estatística.

Disposición derradeira

Esta orden entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2005.

Jesús Pérez Varela
Conselleiro de Cultura, Comunicación Social
e Turismo

ANEXO

Ficheiros de nova creación da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

Sistema Integrado de Xestión de Centros Arxivísticos, Albalá, do Sistema de Arquivos de Galicia.

a) Finalidade do ficheiro e uso previsto: xestión integral de fondos documentais e dos procesos técnicos dos arquivos pertencentes ao Sistema de Arquivos de Galicia.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal: usuarios do sistema de arquivos de Galicia e persoas físicas e xurídicas, públicas e privadas, produtoras de fondos documentais custodiados nos arquivos vinculados ao sistema ou cuxos datos persoais consten nestes fondos.

c) Procedemento de recollida de datos: formulario da aplicación informática a través da introdución directa dos datos.

d) Estrutura básica dos ficheiros: base de datos.

e) Cesión de datos: ningunha.

f) Órganos responsables do ficheiro:

Responsabilidade compartida entre:

-Secretaría Xeral da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

-Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

-Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

g) Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de datos que constan no ficheiro poderán exercerse, se é o caso, ante a Secretaría Xeral da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural no edificio administrativo de San Caetano s/n, 15771 Santiago de Compostela.

h) Medidas de seguridade: nivel básico.

i) Datos de carácter persoal recollidos:

1. No ficheiro de usuarios:

-Datos de carácter identificativo: DNI, nome e apelidos, enderezo, teléfono, correo electrónico.

-Datos de características persoais: nacionalidade e país de orixe.

-Datos académicos e profesionais: formación, titulacións, profesión, liñas de investigación.

-Datos relativos ao emprego: corpo/escala, categoría/grao, posto de traballo.

2. No ficheiro procedente da descrición dos fondos documentais:

-Datos de carácter identificativo das persoas físicas e xurídicas, públicas e privadas sobre as que se fan as descricións: DNI, NIF, CIF, nome e apelidos, enderezo postal, teléfono, correo electrónico.

-Datos de características persoais das persoas físicas e xurídicas, públicas e privadas sobre as que se fan as descricións: lugar e data de nacemento, nacionalidade e país de orixe.

-Datos académicos e profesionais: formación, titulacións.

Datos de información comercial: actividades e negocios.

**CONSELLERÍA DE XUSTIZA,
INTERIOR E ADMINISTRACIÓN
LOCAL**

Resolución do 16 de marzo de 2005, da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se exime a Mancomunidade Voluntaria de Concellos da Comarca de Ourense da obriga de manter os postos propios de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

A Asemblea Comarcal da Mancomunidade Voluntaria de Municipios da Comarca de Ourense adoptou o acordo de solicitar a exención do mantemento de postos propios reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Na súa virtude, a Dirección Xeral de Administración Local, en aplicación do establecido no artigo 4 do Real decreto 1732/1994, do 29 de xullo, modificado polo Decreto 834/2003, do 27 de xuño, e no uso das facultades que lle confire o artigo 13 bis da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e a Orde do 12 de febreiro de 2003 sobre delegación de competencias, modificada pola Orde do 31 de outubro de 2003,

RESOLVE:

Primeiro.-Eximir a Mancomunidade Voluntaria de Concellos da Comarca de Ourense da obriga de manter os postos de secretaría e intervención, reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Segundo.-As funcións reservadas aos citados postos serán exercidas mediante o sistema de acumulación de funcións por un/unha funcionario/a de